

ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2018-2019

A admisión do alumnado neste Centro para o curso 2018-2019 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

1. NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro. (DOG, 26/12/2012).
- Orde de 12 de marzo de 2013. (DOG 15/03/2013)
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde 12 de marzo de 2013. (DOG, 01/02/2017)
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e RRHH da Consellería de Educación e O. Universitaria sobre o proceso de admisión de alumnado en centros públicos para o curso 2018-2019 (27 febreiro 2018)

2. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos dispoñibles	(1)	Postos dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos)..... 22	3	Primeiro0	0
Quinto (4 anos)..... 1	0	Segundo 0	0
Sexto (5 anos)..... 0	0	Terceiro 0	0
		Cuarto 0	0
		Quinto 0	0
		Sexto 0	0

(1) Prazas reservadas para posible escolarización pola Comisión de escolarización de alumnado con necesidade educativa de apoio educativo.

3. ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia do Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio é a que figura no plano exposto neste taboleiro de anuncios e na web do centro. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o centro está adscrito ao IES Menéndez Pidal.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial (a recoller en conserxería) ou descargar na páxina web da Consellería (www.edu.xunta.es), deberán ser presentadas na Secretaría do colexio en calquera dos días lectivos do **1 ao 20 de marzo (ambos inclusive) en horario diario de 09:10 a 09:50 h ou de 13:00 a 13:50 h**, debendo ir acompañadas da fotocopia do DNI do/a alumno/a ou preferentemente a copia do libro de familia na que aparezan todos os membros da unidade familiar (é necesaria a presentación dos documentos orixinais).

5. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS.

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

Do mesmo xeito, a non baremación por parte do solicitante implicará a renuncia a ser baremado nese criterio.

O prazo de presentación desta documentación xustificativa é do 1 ao 12 de abril. Pero poderán achegala coa solicitude.

6. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

- **Antes do 25 de abril:** Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos (condicionado a ter recibidos os datos fiscais). A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro no prazo de cinco días hábiles.

- **Antes do 15 de maio:** Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o responsable da Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

7. PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Os alumnos admitidos no Centro formalizarán a súa inscrición na Secretaría **do 20 ao 30 de xuño segundo o modelo normalizado do anexo III da Orde**. Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

8. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

MADRUGADORES E COMEDOR ESCOLAR

Organizado e xestionado pola ANPA do Colexio.

Lexislación aplicable:

- DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. (DOG, 13/08/13).

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Organizadas e xestionadas pola ANPA.

9. RECURSOS DO CENTRO

Ver folla anexa.

10. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

As familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) utilizando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

A notificación electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>) realizarase con respecto aos trámites e actos propios da competencia das xefaturas territoriais, sempre que a persoa elixira esta modalidade como medio de notificación preferente».

OBSERVACIÓN IMPORTANTE:

- ⤴ **A solicitude será única e vinculante**, poderá conter ata seis centros, por orde de preferencia e presentarse no centro indicado en primeiro lugar. Estará asinada por calquera dos titulares da patria potestade. No caso de separación ou divorcio e familia monoparental, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.
- ⤴ O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- ⤴ O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta a solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

Darán lugar á perda do dereito de prioridade:

- ⤴ A presentación da solicitude fóra de prazo.
- ⤴ A presentación de máis dunha solicitude.
- ⤴ A presentación de solicitudes estando vinculado por reserva. A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión.
- ⤴ As solicitudes que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno/a.
- ⤴ As solicitudes que estean acompañadas por documentación que reflecta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

A Coruña, 1 de marzo de 2018

Vº e Prace:

A DIRECTORA DO CENTRO,

A Secretaria

Asdo.: Teresa Barros Castro

Asdo.: Mª Soledad Lorenzo García